

# TEMA 6 - Relevo, hidrografía e climas de España e Galicia

## Parte 1: Relevo de España e Galicia

### Índice

1

1. A Península Ibérica: situación xeográfica → páxina 1.

2. A Península Ibérica: relevo → páxina 2.

- O relevo de Galicia → páxina 5.

### 1. A Península Ibérica: situación xeográfica

#### España: situación xeográfica

España sitúase nas **latitudes medias** do Hemisferio Norte, entre os paralelos 36° e 43° aproximadamente. Localízase ó suroeste do continente europeo, entre o Océano **Atlántico** e o Mar **Mediterráneo**, illada do resto do continente polos **Pireneos**. Conta cunha superficie total de algo máis de 500.000 km<sup>2</sup>, e limita con Francia, Andorra e Portugal. Algunhas das súas fronteiras teñen un carácter natural (como os Pireneos, o curso baixo do río Miño...), mentres

que outras son artificiais (é dicir, responden a límites administrativos, pactados ó longo da Historia). É un país no que destaca a súa **liña de costa**, que abrangue aproximadamente 8.000 km.



#### Galicia: situación xeográfica

Galicia está situada no noroeste da Península Ibérica, cunha superficie total de cerca de 30.000 km<sup>2</sup>. Esta comunidade, que está bañada polas augas do océano **Atlántico** e do mar **Cantábrico**, limita na súa franxa oriental con Asturias e Castela e León, mentres que no sur atópase a fronteira con Portugal. Os límites do

espazo galego veñen marcados por factores naturais como o océano, as cadeas montañosas que van dende o leste ó sur, ou os cursos baixos dos ríos Eo e Miño.

## 2. A Península Ibérica: relevo

Cando falamos do **relevo** referímonos ó conxunto de **formas de modelado** que ten a superficie da Terra, a paisaxe xeográfica sobre a que se asentan a vexetación e as actividades humanas. As súas **orixes** están na **evolución xeolóxica**, e as súas formas atópanse en constante evolución ó verse afectadas por factores como a **erosión**, que as vai modificando ó longo do tempo. O territorio da **Península Ibérica** ten unha **elevada altitude media**, xa que esta sitúase por riba dos 600 metros (a segunda maior de Europa, só superada pola altitude media de Suíza).

As **principais unidades do relevo peninsular** son as seguintes:

### 1. A Meseta

É un elemento fundamental do relevo español. É **un grande altiplano** que abarca case todo o interior peninsular, cunha altitude media de 600-800 m. Encóntrase dividida polo **Sistema Central** e dous sectores: a **Meseta Norte** ou Setentrional e a **Meseta Sur** ou Meridional.

### 2. Os sistemas montañosos

Os sistemas montañosos clasifícanse en función da súa relación coa Meseta. Así, podemos distinguir:

#### a) Os **sistemas interiores**:

- O **Sistema Central**: é un conxunto de serras que divide a Meseta Central en dúas partes: a Submeseta norte e a Submeseta Sur. Sitúase entre os vales do Douro e do Texo. Destacan as serras de Gredos, Guadarrama, Gata e Somoserra. O seu pico máis elevado é o Almanzor (2.592 metros sobre o nivel do mar).
- Os **Montes de Toledo**: esta formación montañosa acada os 1.600 metros sobre o nivel do mar. Sitúase entre a cunca do Texo e a do Guadiana.

#### b) Os **sistemas periféricos** da Meseta:


- A **Cordilleira Cantábrica**: este sistema montañoso limita a Meseta polo norte. A medida que avanzamos cara o leste, as altitudes medias descendén. As maiores elevacións sitúanse no sector occidental. Nesta cordilleira atópanse os **Picos de Europa**, cuxo punto máis elevado é Torre Cerredo (2.648 m).
- Os **Montes de León**: sitúanse no norte de Zamora e ó oeste de León, limitando a Meseta pola súa parte noroccidental. Son montañas formadas por materiais antigos. Destacan as

serras de Cabrera e a Segundera, cunha altitude que chega a superar os 2.000 metros sobre o nivel do mar.

- O **Sistema Ibérico**: localízase no extremo oriental da Meseta, separándoa da depresión do Ebro. O seu pico máis elevado é o Moncaio (2.316 m).
- **Serra Morena**: pecha a Meseta polo sur, separándoa da depresión do Guadalquivir. Acada altitudes medias en torno ós 1.000 metros sobre o nivel do mar.

c) Os sistemas exteriores á Meseta:

- Os **Pireneos**: esta cordilleira, que ten unha gran lonxitude (máis de 400 km), sitúase entre o golfo de Biscaia e o cabo de Creus. Constitúe unha fronteira natural entre a Península Ibérica e Francia. As súas altitudes máximas sitúanse por enriba dos 3.000 m. O pico máis elevado é o **Aneto** (3.404 m).
- O **Macizo Galaico**: situado no noroeste peninsular, limita ó leste coa cordilleira cantábrica. Acada a súa máxima altitude en **Pena Trevinca** (2.124 m).
- Os **Montes Vascos**: sitúanse entre o País Vasco e Navarra, na área de transición entre a Cordilleira Cantábrica e os Pireneos. As súas altitudes sitúanse en torno ós 1.500 m.
- A **Cordilleira Costeiro-Catalá**: corre paralela á costa mediterránea, separando a depresión do Ebro da estreita chaira litoral. O seu pico de maior altitude é Turó de l'Home (1.712 m).
- As **Cordilleiras Béticas**: localízanse en Andalucía. O **Mulhacén**, con 3.478 metros, é o pico máis alto da Península Ibérica.



### 3. As depresións

Existen dúas grandes **depresións** ou **planicies** (terreos de escasa altitude con respecto ó nivel do mar), exteriores á Meseta, de forma triangular e formadas por dous dos **ríos** máis importantes da Península.

- A **depresión do Ebro**: percorre as terras de Cantabria, Castela e León, A Rioxa, País Vasco, Navarra, Aragón e parte de Cataluña. Situada entre os Pirineos, as Cordilleiras Costeiro Catalás e o Sistema Ibérico.
- A **depresión do Guadalquivir**: sitúase no suroeste de Andalucía. Limita ó norte con Serra Morena e ó Leste co Sistema Bético.

4


### 4. Os arquipélagos

Os dous principais arquipélagos do territorio español, as **Illas Baleares** e as **Illas Canarias**, presentan un relevo de características moi dispares. Mentres as Baleares constitúen unha prolongación do relevo peninsular (en concreto, da cordilleira Costeiro-Catalá e das cordilleiras Béticas), as Canarias teñen unha orixe volcánica.

As illas **Baleares** dividen o seu relevo en tres conxuntos: a Serra da Tramuntana, a Depresión Central e as Serras do Llevant.

As illas **Canarias** orixináronse a partir de erupcións volcánicas submarinas, dando lugar a unha mestura de rochas, lava, etc., que forman a base das illas e cuxa rocha principal é o basalto. O relevo do arquipélago canario é, polo xeral, abrupto. Aquí localízase o pico máis elevado do Estado español: o volcán **Teide** (3.718 m), situado na illa de Tenerife. Estas illas, ó seren de orixe volcánica, presentan unhas formas de relevo particulares, como:

- **Malpaís** (terreo cuberto de lava).
- **Roque** (elevación formada por material volcánico, que taponou un conduto de saída da lava).
- **Caldeira** (depresión con forma circular).



Roque Cinchado (Teide, Tenerife). CC BY-NC-SA (Banco de imaxes do INTEF)



Caldeira do Teide (Tenerife) CC BY-NC-SA (Banco de imaxes do INTEF)



Mapa físico de España. Viaxeaitaca.com

## O relevo de Galicia

O relevo galego amosa un importante **contraste** entre as serras e as terras baixas do litoral. Podemos distinguir:

- As **áreas de montaña**

O conxunto de montañas galegas recibe o nome de **Macizo Galaico**. Está formado pola **Dorsal Galega**, na zona centro-occidental, **as serras setentrionais** (próximas ó Cantábrico) e as **serras orientais** (no extremo suroriental de Galicia).

- **Serras litorais:** sitúanse ó longo da costa galega, e acadan en torno ós 700 metros de altitude máxima. Son a Serra da **Capelada**, **Barbanza**, **Morrazo**, **Domaio**, **Groba**...
- **Dorsal Galega:** divide Galicia de norte a sur, separando a costa do interior. Está formada polas serras do **Xistral**, da **Loba**, da **Cova da Serpe**, do **Faro** ou do **Suído**. No sur acada maiores altitudes: o seu punto máis elevado localízase no monte do Faro (1.181 m).

- **Serras orientais:** nelas localízanse os puntos máis elevados da comunidade (Pena Trevinca, con 2.124 m, Penarrubia, 1.826 m, e Cabeza de Manzaneda, 1.778 m). Están formadas polas serras de **Meira, Ancares, Caurel, Eixe, Queixa e San Mamede**.

#### ○ As chairas ou planicies



As principais planicies sitúanse no interior, entre a **Terra Chá** (ó norte) e a **Depresión de Monforte** (ó sur). Se continuamos avanzando cara ó sur, atopámonos coa **Depresión de Ourense** (percorrida polo río Miño). Entre a Dorsal Galega e o mar, o relevo vai perdendo altura de xeito gradual, formando unha área coñecida como o “**chanzo de Santiago**”, entre os 500 e os 200 m de altitude. A estas planicies interiores debemos engadirlle as **chairas litorais** que bordean a costa galega, de escasa altitude respecto ó nivel do mar.

#### ○ Os vales fluviais

Son aqueles formados polos ríos ó seu paso polo territorio galego. Podemos diferenciar entre: os ríos da **vertente cantábrica**, curtos e de caudal abundante e regular (o Eo, o Masma, Ouro, Landro, Sor e Mera) e os ríos da **vertente atlántica**, de maior lonxitude e caudal máis irregular (como o Eume, o Miño, o Sil, o Tambre e o Ulla).

#### ○ O litoral

Aquí, o territorio acada alturas pouco elevadas, alternando praias e cantís. A costa galega é moi recortada e conta con numerosos **cabos**, como a punta da Estaca de Bares (o punto máis setentrional de Galicia, que separa o Cantábrico do Atlántico), o cabo Touriñán ou o de Fisterra. Pero o elemento dominante destas costas son as **rías** (antigos vales fluviais asolagados polo mar). Diferenciamos as **Rías Altas** (entre a desembocadura do Eo e o cabo Fisterra) e as **Rías Baixas** (máis amplas e profundas, de costa máis baixa e areosa).



Mapas do relevo de Galicia. Fonte: Viaxeaitaca.net